

## Traballos con amianto e persoal traballador autónomo

04/11/2020

### Normativa básica de referencia

A **lexislación laboral española en materia de prevención de riscos laborais** (Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais e as súas normas de desenvolvemento, en diante, LPRL), **é de aplicación no ámbito das relacións laborais reguladas no texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores** <sup>(1)</sup> e tamén ás sociedades cooperativas, constituídas de acordo coa lexislación que lles sexa de aplicación, nas que existan socios cuxa actividade consista na prestación dun traballo persoal, coas peculiaridades derivadas da súa normativa específica.

O **Real decreto 396/2006 do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto**, que constitúe a norma legal mínima en relación ao amianto no noso país afecta a todas as **empresas que realizan actividades nas que os seu persoal poida estar exposto ás fibras de amianto**, en concreto en traballos de retirada, mantemento ou reparación de amianto ou materiais que o conteñan. Estas empresas deben estar autorizadas pola autoridade laboral para facer estes traballos. Esta autorización tradúcese na necesaria **inscrición nun rexistro** (Rexistro de empresas con risco por amianto, RERA) e nun **plan de traballo** aprobado pola autoridade laboral antes do comezo das obras e para o traballo concreto que se vaia executar.

### Obrigas do persoal traballador autónomo

Sempre que non haxa persoas traballadoras por conta allea que protexer, non é de aplicación a LPRL e as súas normas de desenvolvemento, incluído o RD 396/2006 de 31 de marzo, e polo tanto o **persoal traballador autónomo non terá que inscribirse no RERA nin presentar un plan de traballo** para poder realizar traballos con amianto.

Agora ben, aínda que a LPRL non lles sexa de aplicación dela si derivan determinados **dereitos e obrigas** que deberá ter en conta o persoal traballador por conta propia. Indícanse deseguido, **algunhas das que poden ser máis relevantes para este persoal**:

- a) **Deber de cooperación xeral no cumprimento** eficaz da normativa preventiva **cando o traballo concorre co de persoas traballadoras por conta allea** (artigo 24.5 da LPRL e artigo 4.1 do Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da LPRL, en materia de coordinación de actividades empresariais)

Ademais deben **recibir as instrucións e informacións impartidas polo titular do centro de traballo e están obrigados ao seu cumprimento** (artigo 24 da LPRL).

1) Tamén é de aplicación nas relacións de carácter administrativo ou estatutario do persoal ao servizo das Administracións Públicas, coas peculiaridades que corresponden



Debe **informar adecuadamente aos empresarios que concorren no centro de traballo dos riscos que pode xerar a súa actividade** para os traballadores desas outras empresas (cando se trata de riscos graves ou moi graves a información sobre os riscos debe subministrarse por escrito).

- b) Segundo o Estatuto do traballo autónomo (Lei 20/2007, do 11 de xullo, artigo 8.4) **se as persoas traballadoras autónomas son contratadas por unha empresa para realizaren obras ou servizos correspondentes á súa propia actividade** desenvolvidas nos seus propios centros de traballo, o empresario que contrata ou subcontrata deberá vixiar o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais por este persoal traballador. Cómpre subliñar entre os aspectos recollidos na normativa a formación e a aptitude médica para o traballo a desenvolver.
- c) **Cando se trata de obras de construción** (segundo a definición recollida no **Real decreto 1627/1997** do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción):

O estudo ou estudo básico de seguridade e saúde, deberá contemplar a existencia de amianto e as medidas adecuadas para levar a cabo o traballo. O plan de seguridade e saúde do contratista, analizará, desenvolverá e complementará todas as medidas contempladas no estudo. Nas obras nas que non sexa esixible o estudo ou estudo básico de seguridade, a identificación de amianto e as medidas adecuadas para levar a cabo o traballo serán contempladas na avaliación de riscos específica.

O persoal traballador autónomo está obrigado a inserirse na organización preventiva da obra, no ámbito de organización da empresa contratista ou subcontratista, e **debe realizar o seu traballo segundo o previsto no plan de seguridade ou na avaliación de riscos específica e someténdose ás instrucións recibidas do coordinador de seguridade e saúde**, e utilizando os equipos de traballo e equipos de protección adecuados. Os contratistas e subcontratistas son os responsables de que se executen correctamente as medidas previstas no plan de seguridade (ou na avaliación de riscos específica cando non sexa esixible o dito plan) polas persoas traballadoras autónomas que contraten.

Cando o promotor contrate directamente traballadores autónomos para a realización da obra ou de determinados traballos desta, terá a consideración de contratista respecto daqueles, excepto no caso de que a actividade contratada se refira exclusivamente á construción ou reparación que poida contratar un cabeza de familia respecto da súa vivenda.

Ademais, segundo a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (artigo 5.e), **o persoal autónomo non pode subcontratar os traballos que lle sexan encomendados nin a outras empresas subcontratistas nin a outros autónomos.**

**No momento en que a persoa traballadora autónoma contrate a persoal por conta allea terá a consideración de contratista ou subcontratista** así o recolle o RD 1627/1997:



“Cando o traballador autónomo empregue na obra traballadores por conta allea terá a consideración de contratista ou subcontratista para os efectos do presente Real decreto”

Por outra parte o persoal traballador autónomo sempre deberá ter en conta que os traballos con amianto non poden ocasionar danos a terceiras persoas (poboación en xeral) e que o amianto está considerado como residuo perigoso e debe ser xestionado como tal (transporte e vertido a vertedoiro autorizado), ámbitos de actuación correspondentes ás **autoridades con competencia sanitaria e medioambiental**. Estas **responsabilidades en materia de saúde pública e de medio ambiente afectan ao persoal traballador autónomo estea ou non executando o seu traballo en concorrencia con outras empresas**.

Por último nunca se debe esquecer que respirar fibras de amianto pode provocar serios danos á saúde que non se manifestan de maneira inmediata, e que doses moi baixas de exposición ás fibras do amianto poden desembocar en cancro de pulmón e de pleura tras longos períodos de latencia (ata 40 e incluso 50 anos despois da exposición). As persoas traballadoras autónomas deben ser igualmente conscientes da importancia de aplicar todas as medidas de prevención e protección necesarias para a **evitar danar á súa propia saúde**.

### Principais conclusións

O **persoal traballador autónomo** (e sociedades civís compostas por estes unicamente) **non ten que inscribirse no RERA nin elaborar un plan de traballo** para poder realizar traballos con amianto, no entanto **deberá ter en conta outras obrigas legais** relacionadas coa execución destes traballos como son as seguintes:

- Cando o traballo **concorra con outras actividades** deberá cumprir con todas as medidas de prevención e protección que sexan necesarias impostas pola lexislación. No caso de **obras de construción** estas medidas deben plasmarse no **plan de seguridade e saúde laboral ou na avaliación de riscos específica, no resto dos casos** por medio de **instrucións do titular do centro de traballo** e tendo en conta a comunicación dos riscos (por escrito) que se puideran orixinar para outro persoal por parte destes
- **No momento en que contrate a persoal por conta allea seralle de aplicación a LPRL e a súa normativa de desenvolvemento** e deberá polo tanto inscribirse no RERA e elaborar un plan de traballo que debe ser aprobado pola autoridade laboral.
- Segundo a Lei reguladora da subcontratación no sector da construción (Lei 32/2006), **non pode subcontratar os traballos que lle sexan encomendados nin a outras empresas subcontratistas nin a outro persoal autónomo nas obras de construción**.

Os traballos con amianto, con independencia de quen os leve a cabo, **non deben ocasionar danos a terceiras persoas** (poboación en xeral) e os **residuos** que conteñan amianto deben ser **xestionados como residuo perigoso**.

## Actuacións do ISSGA

Deberase ter en conta que o **ISSGA xestiona en Galicia os diferentes trámites administrativos establecidos na RD 396/2006** (como a inscrición no RERA e tramitación de plans de traballo), e tamén desenvolve tarefas de asesoramento técnico, apoio e seguimento da correcta execución dos traballos, mentres que **a competencia sancionadora é exercida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social**. Polo tanto non proceden actuacións por parte deste instituto relacionadas coa execución dos traballos en tanto non haxa traballadores por conta allea que protexer, agora ben, no caso de que se estean desenvolvendo traballos con risco por amianto por persoal traballador por conta allea sen cumprir coa lexislación laboral indicada, débese formular a denuncia ante a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social que corresponda.

Por outra parte aqueles incumprimentos relacionados coa protección da saúde pública e do medio ambiente deben ser formuladas ás autoridades con competencia na vixilancia destas materias.